

CONVOCATORIA DO III CONCURSO DE EDICIÓN DA GALIPEDIA

CURSO 2025-2026

De acordo cos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, publicado no DOG do 14 febreiro de 2014), que establecen no seu artigo 3 que o galego é a lingua propia da USC e que potenciará e garantirá o seu uso pleno en todos os ámbitos, no marco das súas competencias, a Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación, a través do Servizo de Normalización Lingüística e das comisións de normalización lingüística da Facultade de Matemáticas, da Facultade de Psicoloxía, da Escola Técnica Superior de Enxeñaría, da Escola de Enfermaría, da Facultade de Dereito, da Facultade de Humanidades e do Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE) co fin de promover o uso da lingua galega, convoca o segundo concurso de edición da Galipedia (Wikipedia en galego) dirixido á comunidade universitaria da USC.

Os obxectivos deste concurso son: promover a produción e a difusión de artigos de calidade contrastada en lingua galega na Galipedia e fomentar a participación da comunidade universitaria nunha iniciativa colaborativa de extensión do saber e o coñecemento en lingua galega.

En consecuencia resolve convocar o III CONCURSO DE EDICIÓN DA GALIPEDIA nos seguintes termos:

1. DESTINATARIOS/AS

Poderán presentarse a estes premios os membros da comunidade universitaria da USC no curso académico 2025/2026.

Para presentarse deben editar na Galipedia un artigo ou un conxunto de artigos, ben creándoos de novo, ben mellorando de forma significativa algúns xa existentes. Esas edicións deben realizarse como persoas usuarias rexistradas na Galipedia, para que as contribucións individuais de cada participante sexan identificables.

2. REQUISITOS DOS ARTIGOS

Os artigos que se creen ou melloren deberán pertencer a algunha destas áreas temáticas:

- psicoloxía
- matemáticas
- enxeñarías química, ambiental e informática, intelixencia artificial
- enfermaría
- patrimonio cultural galego
- dereito e cultura xurídica
- física de partículas

Unha mesma persoa pode presentar a concurso artigos vinculados a unha ou a varias destas áreas de coñecemento.

3. PREMIOS

Concederanse **14 PREMIOS**, dous por área de coñecemento, repartidos do seguinte xeito, tendo en conta que cada persoa usuaria só pode ser premiada nunha única categoría:

A. *Matemáticas*. Dous premios:

- Primeiro premio: **350 €** (trescentos cincuenta euros)
- Segundo premio: **150 €** (cento cincuenta euros)

B. *Psicoloxía*. Dous premios:

- Primeiro premio: **350 €** (trescentos cincuenta euros)
- Segundo premio: **150 €** (cento cincuenta euros)

C. *Enxeñaría informática (e intelixencia artificial) ou enxeñaría química (ou ambiental)*. Dous premios:

- Primeiro premio: **350 €** (trescentos cincuenta euros)
- Segundo premio: **150 €** (cento cincuenta euros)

D. *Enfermaría*. Dous premios:

- Primeiro premio: **350 €** (trescentos cincuenta euros)
- Segundo premio: **150 €** (cento cincuenta euros)

E. *Patrimonio cultural galego*. Dous premios:

- Primeiro premio: **350 €** (trescentos cincuenta euros)
- Segundo premio: **150 €** (cento cincuenta euros)

F. *Dereito e cultura xurídica*. Dous premios:

- Primeiro premio: **350 €** (trescentos cincuenta euros)
- Segundo premio: **150 €** (cento cincuenta euros)

G. *Física de partículas*. Dous premios:

- Primeiro premio: **350 €** (trescentos cincuenta euros)
- Segundo premio: **150 €** (cento cincuenta euros)

Os premios financiaranse con cargo á partida orzamentaria 8051-3060-28533 do Servizo de Normalización Lingüística para o exercicio 2026. Do importe de cada un destes premios practicaranse as retencións legais pertinentes (IRPF).

Existe a posibilidade de outorgar os premios a varios artigos ou conxuntos de artigos *ex aequo*. Neste caso o importe repartirase a partes iguais.

No caso de que o xurado considere que ningunha das propostas presentadas acada un nivel de calidade abondo, un ou varios premios poderán declararse desertos.

A USC poderá organizar un ou varios actos de entrega dos premios.

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DE ARTIGOS

As persoas interesadas en participar neste concurso deben seguir o seguintes pasos:

4.1. Inscripción como participantes - prazo de solicitude:

O proceso de inscrición de participantes abrirase ao día seguinte da publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico da USC, e rematará o **10 de maio**.

A **inscrición como participantes** deberá realizarse a través do formulario accesible desde [esta ligazón](#).

A organización confirmará a inscrición ao enderezo electrónico que no formulario se indique como medio de contacto.

4.2. Edición de artigos – prazo de presentación ao concurso

Cada participante poderá comezar a presentar artigos a concurso a partir do momento en que reciba a confirmación da súa inscrición, e poderá facelo dende o 16 de abril ata o día 20 de setembro de 2026 (só se terán en conta as edicións feitas entre esas datas). As edicións presentadas ao concurso deben ser sempre posteriores ao momento de recibir a confirmación da inscrición no concurso. Os artigos presentados quedarán rexistrados automaticamente na páxina de edición do concurso.

5. RESOLUCIÓN

O xurado, formado por cadanseu representante das comisións de normalización lingüística das facultades de Matemáticas, Psicoloxía, da Escola Técnica Superior de Enxeñaría, da Escola de Enfermaría, da Facultade de Dereito, da Facultade de Humanidades e do IGFAE, un representante do SNL, que actuará como presidente, e un administrador ou administradora da Galipedia, valorará os artigos presentados conforme os seguintes criterios:

- Amplitude e rigor científico e académico da contribución da/do participante ao artigo ou conxunto de artigos.
- Calidade lingüística da contribución da/do participante ao artigo ou conxunto de artigos.
- Seguimento das políticas oficiais da Galipedia, concretadas nos seus “[cinco piares](#)”, e das recomendacións recollidas no seu [Libro de estilo](#) e das normas indicadas no sistema de puntuación da páxina do concurso da Galipedia.

Unha vez avaliadas todas as contribucións presentadas ao concurso, ditarase resolución onde constará o fallo do xurado. Esta resolución publicarse no taboleiro electrónico da USC e na web do Servizo de Normalización Lingüística.

O SNL comunicaralles ás persoas gañadoras a concesión do premio mediante unha chamada telefónica e/ou mensaxe de correo electrónico.

6. PROCESO DO CONCURSO

O proceso do concurso poderase seguir a través da propia páxina da wikipedia, onde se publicarán as listaxes de participación e o sistema de puntuación os artigos e como participar. Os resultados que aparezan nesa páxina non serán os definitivos, á espera da resolución do xurado, seguindo o indicado no apartado 5 desta convocatoria. A resolución publicarase no taboleiro electrónico da USC e no web do Servizo de Normalización Lingüística.

A participación no concurso implica necesariamente o acatamento do que se expón nesta convocatoria.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Porén, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data de sinatura.

Gumersindo Feijoo Costa

Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación

(por delegación de competencias, RR. do 21 de abril de 2022, modificada por RR do 26 de setembro de 2023)

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: GUMERSINDO FEIJOO COSTA,
VICERREITOR DE TRANSFORMACION DIXITAL E INNOVACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA, 26/02/2026 09:56:24.

CSV: 19FB-9B3A-4C0A-9729